

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 29 de novembro de 2013

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e nove de novembro do ano dous mil trece, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados don Plácido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don Antonio Montero Fernández, don Emilio José Pazos Ojea, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don José Manuel Freire Couto e don Eladio Mangana Nóvoa os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Non asiste á sesión o deputado provincial e vicepresidente 1º don Rosendo Luis Fernández Fernández.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DO DÍA 22 DE NOVIEMBRE DE 2013.- Unha vez examinada a acta da sesión que tivo lugar o día vinte e dous de novembro de dous mil trece, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A LA REGIÓN SA.- No Pleno de data 27 de setembro de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 4/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 25.000,00 euros a favor de La Región SA para a edición do libro Auria, con cargo á aplicación orzamentaria 334.13/489.00.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención a La Región SA, nos seguintes termos:

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 29 de novembro de 2013

-Importe: 25.000,00 €.

-Obxecto: a edición do libro Auria.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

-Prazo xustificación: ata o 20 de decembro de 2013.

3.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á MANCOMUNIDADE INTERMUNICIPAL

VOLUNTARIA DO RIBEIRO.- No Pleno de data 27 de setembro de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 4/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 30.000,00 euros a favor da Mancomunidad Intermunicipal Voluntaria do Ribeiro, para as obras de peche e urbanización de espazo dotacional, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.01.

Unha vez vista a solicitude formulada polo presidente da mencionada mancomunidad, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Mancomunidad Intermunicipal Voluntaria do Ribeiro, nos seguintes termos:

-Importe: 30.000,00 €.

-Obxecto: as obras de peche e urbanización de espazo dotacional.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 29 de novembro de 2013

concedida.

-Prazo xustificación: ata o 28 de febreiro de 2014.

4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á MANCOMUNIDADE INTERMUNICIPAL VOLUNTARIA CONSO-FRIEIRAS.

- Primeiro.- No Pleno, con data 26 de abril de 2013, acordouse aproba-lo expediente n.º 1/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 32.000,00 euros a favor da Mancomunidad Intermunicipal Voluntaria Conso-Frieiras, para o funcionamento do PAI.

Segundo.- No Pleno, con data 27 de setembro de 2013, acordouse aproba-lo expediente n.º 4/2013, de modificación das bases de execución do orzamento, e baseándose na solicitude que, con data 12 de agosto de 2013, presentou a Mancomunidad Intermunicipal Voluntaria Conso-Frieiras, procedeuse ó cambio da finalidade da subvención referida no apartado primeiro para gastos de funcionamento da mancomunidad, con cargo á aplicación orzamentaria 231.11/462.01.

Terceiro.- Unha vez vista a solicitude formulada polo presidente da mencionada mancomunidad, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Mancomunidad Intermunicipal Voluntaria Conso-Frieiras, nos seguintes termos:

-Importe: 32.000,00 €.

-Obxecto: gastos de funcionamento da entidade correspondentes ó ano 2013.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

-Prazo xustificación: ata o 20 de decembro de 2013.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 29 de novembro de 2013

5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE TRASMIRAS.- No Pleno de data 27 de setembro de 2013 acordouse aprobar o expediente nº 4/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 14.850,00 euros a favor do Concello de Trasmiras, para mellora da eficiencia enerxética nas instalacións municipais, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

Unha vez vista a solicitude de subvención formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Trasmiras, nos seguintes termos:

-Importe: 14.850,00 €.

-Obxecto: mellora da eficiencia enerxética nas instalacións municipais.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

-Prazo xustificación: ata o 28 de febreiro de 2014

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE VERÍN.- No Pleno de data 27 de setembro de 2013 acordouse aprobar o expediente nº 4/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 25.000,00 euros a favor do Concello de Verín, para equipamento deportivo, con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/762.00.

Unha vez vista a solicitude de subvención por importe de 25.000,00 euros formulada

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 29 de novembro de 2013

polo alcalde do mencionado concello, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Verín, nos seguintes termos:

-Importe: 25.000,00 €.

-Obxecto: equipamento deportivo.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

-Prazo xustificación: ata o 28 de febreiro de 2014

7.- RATIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA, A DIOCESE DE OURENSE, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE OURENSE PARA A PRIMEIRA FASE DA REHABILITACIÓN DA ERMIDA DE NOSA SEÑORA DOS REMEDIOS EN OURENSE, ASÍ COMO APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á DIOCESE DE OURENSE PARA A REHABILITACIÓN DA DITA ERMIDA E AMPLIACIÓN DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA MENCIONADA SUBVENCIÓN.

- No Pleno con data 27 de setembro de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 4/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 100.000,00 euros a favor da Diocese de Ourense para a primeira fase da rehabilitación da Ermida da Nosa Señora dos Remedios, con cargo á aplicación orzamentaria 336.11/780.00.

Unha vez visto o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a Diocese de Ourense, a Deputación de

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 29 de novembro de 2013

Ourense e o Concello de Ourense para a primeira fase da rehabilitación da Ermida da Nosa Señora dos Remedios, firmado con data 18 de novembro de 2013, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** o seguinte:

Primeiro.- Ratifica-lo convenio de colaboración, firmado con data 18 de novembro de 2013, entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a Diocese de Ourense, a Deputación de Ourense e o Concello de Ourense para levar a cabo a primeira fase da rehabilitación da Ermida de Nosa Señora dos Remedios.

Segundo.- Aprobar unha subvención á Diocese de Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 100.000,00 €.

-Obxecto: primeira fase da rehabilitación da Ermida de Nosa Señora dos Remedios.

-Xustificación: a subvención xustificárase de acordo coa cláusula quinta do convenio de colaboración, firmado con data 18 de novembro de 2013, entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a Diocese de Ourense, a Deputación de Ourense e o Concello de Ourense, para o obxecto da subvención.

Terceiro.- Amplia-lo prazo de xustificación da dita subvención ata o 31 de xullo de 2014.

8.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

9.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non houbo.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e trinta minutos, do referenciado día vinte e nove de novembro do ano dous mil trece, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,